

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de maio de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de maio de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(406).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e da extraordinaria e urxente do 11 de abril e da extraordinaria e urxente do 22 de abril de 2014. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(407).- PROTOCOLO XERAL DE COOPERACIÓN-COLABORACIÓN E ASISTENCIA ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E PONTEVEDRA PARA O IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 6933/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe adxunto do Servizo de Administración Electrónica, do 24.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Asinar o protocolo xeral de cooperación-colaboración co Concello de Pontevedra que permita un intercambio de coñecemento, modernización da institución e fomento da Administración Electrónica, que de seguido se transcribe:

PROTOCOLO XERAL DE COOPERACIÓN-COLABORACIÓN E ASISTENCIA ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E PONTEVEDRA PARA O IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Na cidade de Vigo, a ___ de _____ de 2014

REUNIDOS

De una parte, don Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

De outra parte, don Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra.

INTERVEÑEN

Ambas partes representan ao seu concello e recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, polo que subscriben o presente documento e para o efecto

EXPOÑEN

I.- Que os Concellos de Vigo e Pontevedra recoñecen os profundos cambios que está producindo a incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) na forma e no contido das relacións humanas, dando lugar a un novo entorno que se denominou "sociedade da información e do coñecemento".

II.- Todas as administracións públicas entre elas as Entidades que integran a administración local, actuando ao servizo da cidadanía, están chamadas a transformarse nunha Administración Electrónica rexida polos principios de eficacia e servizo obxectivo, que o artigo 103.1 da Constitución vincula á lexitimidade do exercicio das potestades administrativas.

III.- O impulso da Administración Electrónica fundaméntase no artigo 45 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo no seu artigo 71 bis (erc artigo 286 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia) relativo as declaracións responsables e comunicacións previas dispón, entre outros extremos, a necesidade de que a administración outorgue aos administrados a posibilidade de presentación destes modelos por vía electrónica cando dí: "5. Las Administraciones Públicas tendrán permanentemente publicados y actualizados modelos de declaración responsable y de comunicación previa, los cuales se facilitarán de forma clara e inequívoca y que, en todo caso, se poderán presentar a distancia y por vía electrónica."

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no seu artigo 1 recoñece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos e desenvolve a obriga das Administracións Públicas de utilizar tecnoloxías da información de conformidade coas previsións da propia lei.

O artigo 70 BIS Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local tamén establece a posibilidade de que se realicen por vía electrónica os procedementos e trámites relativos a una

actividade de servizos e ao seu exercicio incluída no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, de 23 de novembro, de libre acceso as actividades de servizos e o seu exercicio, engadindo a partir da modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, un artigo 103 bis e 104 bis que dispoñen a necesidade de publicación na sede electrónica da Corporación a masa salarial aprobada así como, cunha periodicidade semestral, o número de postos de traballo reservados a persoal eventual.

A Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e os seu exercicio, no seu artigo 17 establece que “Todos los procedimientos y trámites que supeditan el acceso a una actividad de servicios y su ejercicio se podrán realizar electrónicamente y a distancia salvo que se trate de la inspección del lugar o del equipo que se utiliza en la prestación del servicio” o que comporta a obriga da administración de ter tales procedementos electrónicos a disposición dos cidadáns.

A lexislación autonómica reforza a necesidade de modernización administrativa cando na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que toda a documentación requirida coa presentación da comunicación previa esixida con carácter previo ao inicio da actividade de apertura de establecementos ou para o inicio de obras ou instalacións destinadas a unha actividade poderá presentarse telemáticamente, engadindo que “As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito”. E todos os concellos de Galicia deberán ter na súa páxina web un portal telemático de comunicación previas e autorizacións administrativas.

Recentemente a lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público impón á entidades locais a obriga da creación dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas (ou adhesión ao do estado, comunidade autónoma ou deputación) a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan, sendo obrigatorio o uso de facturas electrónicas e a súa presentación a través do punto xeral de entrada para as persoas xurídicas que se establecen no seu artigo 4 a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Así mesmo a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dispón unha serie de obrigas de publicidade na actividade administrativa que obriga as entidades dispor dunha sede electrónica adecuada onde terán que difundir determinada información institucional, organizativa e de planificación, de relevancia xurídica e de natureza económica, orzamentaria e estatística, sen esperar unha solicitude concreta dos administrados, contando as administracións locais do prazo de dous anos para adaptarse as obrigas contidas nesta norma.

IV.- En consideración ao exposto e a vista da profusión normativa na materia, os concellos intervinientes teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios para a execución e desenvolvemento da implantación da administración electrónica nos seus respectivos ámbitos de actuación e, mediante a cooperación e axuda mutuas, formalizan o presente protocolo xeral de colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto do protocolo.*

É obxecto do presente protocolo establecer un programa de cooperación-colaboración e asistencia mutua entre os concellos de Vigo e Pontevedra para o impulso da administración electrónica, intercambiando tecnoloxías e experiencias para aproveitar así as sinerxías, potenciando o uso efectivo das tecnoloxías da información no ámbito dos respectivos

municipios, para mellorar a actividade administrativa e os servizos que teñen encomendados, facilitar as relacións coa cidadanía, coas empresas e con outras administracións públicas e, en definitiva, propiciar un mellor exercicio dos dereitos e deberes dos seus habitantes a través das seguintes actuacións:

- Intercambio e transferencia de tecnoloxías (software e hardware). Os Concellos intervenientes compartirán aquelas aplicacións cuxos dereitos de propiedade intelectual lles pertencen porque foran desenvolvidas polos seus propios servizos así como aquelas cuxo desenvolvemento fora obxecto de contratación.

- Coordinación e supervisión técnica do desenvolvemento de propostas relativas ao desenvolvemento dos servizos públicos que poidan ser prestados de xeito electrónico.

- Calquera outra actividade que no marco do protocolo acorden os concellos asinantes.

SEGUNDA.- Grupo de traballo.

Constituirase un grupo de traballo para a execución das actuacións concretas que se aproben, integrado a lo menos por un representante designado por cada concello entre o persoal ao seu servizo, que se reunirá en función das necesidades.

TERCEIRA.- Réxime económico.

En todo caso ata acordar as condicións específicas dos traballos, que se definirán nun convenio posteriormente, non se consignaran asignacións económicas específicas para a súa aplicación, supeditando estas a existencia de crédito.

CUARTA.- Duración do protocolo e prórroga.

A duración do presente protocolo será de 4 anos, a partir do día da súa sinatura e quedará tacitamente prorrogado por períodos iguais ao inicial, se ningunha das partes asinantes formula denuncia expresa cunha antelación mínima de tres meses ao día da súa finalización.

QUINTA.- Interpretación e solución de discrepancias.

A interpretación e solución de discrepancias que se susciten, relativas ao cumprimento e execución do presente protocolo, efectuarase de mutuo acordo entre as partes asinantes no seno do grupo de traballo.

Se non se acadara tal acordo, o coñecemento das cuestións litixiosas que se deduzan do cumprimento, interpretación e execución do presente protocolo serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Lido este Convenio polas partes, manifestan a súa conformidade e asinan no lugar e data sinalados no encabezamento.

*Polo Concello de Vigo
O Alcalde,*

*Polo Concello de Pontevedra
O Alcalde,*

3(408).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2014. EXPTE. EXPTE. 5504/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.14, o informe de fiscalización do 23.04.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 8.04.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS” para o ano 2014.

SEGUNDO - Autorizar un gasto por un importe total de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo á aplicación 3380.489.0010 do programa orzamentario do servizo de Festas correspondente ao vixente exercicio económico prorrogado.”

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NOS” 2014

Na Casa do Concello a de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013 e e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. nº 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, C.I.F. nº G36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada ao expediente 4555/335; e no sucesivo A AGRUPACIÓN.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A AGRUPACIÓN ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

II.- No ámbito das súas competencias, O CONCELLO ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 13.500,00 euros, a favor da AGRUPACIÓN para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós”.

IV.- O programa “VENTE CON NÓS” foi creado e rexistrado pola AGRUPACIÓN no ano 2001 co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social; circunstancias estas que posibilitan a non concorrencia pública e A concesión directa da subvención.

V.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VI.- Que a Agrupación non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións conforme ao previsto LG 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5504-335.

VII.- Que O CONCELLO e A AGRUPACIÓN veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver este programa cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A tenor das precedentes consideracións e atendendo ao interese sociocultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación exposta na memoria que se achega ao presente documento, ambas as entidades establecen a súa colaboración e formalización do presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, conforme aos seguintes

PACTOS

Primeiro. A AGRUPACIÓN comprométese ao desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”, que acolle un ciclo de actuacións de música e danza tradicional e a Semana de Teatro Afeccionado, asumindo as seguintes obrigas:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

- a) Participarán 19 grupos artísticos de música e danza tradicional e 6 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.*
- b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 38, dúas actuacións por entidade. En canto á*

Semana de Teatro afeccionado é de 6 actuacións de teatro, unha actuación por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:

- 16 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.*
- 18 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.*
- 4 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Agrupación.*

a) As contías que se establecen por actuación e grupo artístico, a proposta da Agrupación, son as seguintes:

CATEGORIA A: (400 €/ actuación)

*Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
Grupo de Baile “Traspés”
Grupo de Baile “A Buxaina”
Grupo de Baile “O Fiadeiro”.
Grupo de Baile “Corisco”*

CATEGORIA B: (350 €/actuación).

*Grupo de Baile “Asubío”
Grupo de Baile “Andarela”
Grupo de Baile “Frores Novas”
Grupo de Baile “Atlantida de Matamá”
Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
Grupo de Baile “Cabral”
Grupo de Baile “Semente da Arte Galega”*

CATEGORIA C: (300 €/actuación).

*Grupo de Baile “Helios”
Grupo de Baile “Airiños do Coto”
Grupo de Baile “Os ventos”
Grupo de Baile “Rueiro”
Grupo de Baile “Queixumes”*

GRUPO DE GAITAS: (180 €/actuación)

*Grupo de Gaitas “Os Trasnos da Gaita”.
Grupo de Gaitas “Vagalume”*

GRUPOS DE TEATRO: *estabelécese un importe por actuación de 500,00 euros.*

*Grupo de Teatro “C.S.C.R. Beade”
Grupo de Teatro “S.C.R. Atlántida de Matamá”
Grupo de Teatro “A.C. Lareira Teatro”
Grupo Porta Aberta Teatro.*

Grupo de Teatro "Rueiro"
Grupo de Teatro de Valladares

- b) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).*
- c) O orzamento de gastos dos programas ascende a 16.500,00 euros correspondendo 12.620 € ás trinta e oito actuacións e 3.000 € ás actuacións de teatro, O Concello ten prevista unha aportación de 13.500 euros co cargo a partida 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha aportación de 2.120 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.*

2.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

3.- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5.- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do CONCELLO como patrocinador das actividades.

6.- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

7.- As previstas como entidade beneficiarias da subvencións conforme ao previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

Segundo.- *As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:*

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o CONCELLO, se é o caso, e incluír o logotipo do CONCELLO naquel material que edite a propia entidade.*
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.*
- c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.*
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*

e) *Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.*

f) *Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións*

g) *Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.*

Terceiro.- *O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:*

1.- *Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.*

2.- *Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.*

Se a data estivera dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co CONCELLO, entendéndose aceptada a actuación. Non caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola AGRUPACIÓN a notificar, e acreditar no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do CONCELLO non será aboada con cargo a este convenio.

3.- *Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.*

4.- *Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa AGRUPACIÓN.*

5.- *Conceder directamente á AGRUPACIÓN, unha subvención por importe de 13.500,00 euros para o desenvolvemento do programa "VENTE CON NOS" con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0010 do vixente orzamento.*

Cuarto.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- *O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente IBAN ES27.2100.5912.4802.0002.1010, da entidade bancaria LA CAIXA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Noveno.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- A entidade beneficiaria, terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos antes da primeira quincena de decembro de 2014. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro de cada programa, datos de participación e asistentes individualizados por programa e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida;

indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal. .

Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do concello de Vigo e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- O concelleiro de Cultura, Festas e Muesos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.

Vixésimo segundo.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Trala correspondente convocatoria pública e prazo de admisión de solicitudes, a organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle ao servizo de Festas da concellería de Cultura, Festas e Museos en coordinación coa Agrupación.

As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios de dispoñibilidade da agrupación artística, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a maior diversificación nos ámbitos territoriais e artísticos.

Con carácter xeral quedan excluídas do convenio aquelas actuacións vinculadas á programación de actos de carácter non laico, festas e romerías patronais, así como aquelas actuacións programadas dentro do mesmo ámbito territorial do barrio ou parroquia asociado ao grupo artístico e entidade que o acolle.

Con carácter excepcional, e a proposta da Concelleira de Cultura, Festas e Museos, poderase autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

O concelleiro da Área de Cultura,
Festas e Museos

O Presidente da Agrupación
de Centros Deportivos e Culturais

Cayetano Rodríguez Escudero

Roberto Giráldez Barbeitos

ANEXO I

**SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DO
PROGRAMA “VENTE CON NÓS”**

D/Dna.....	DNI.....	teléfon
o.....	correo electrónico.....	
en representación da entidade		
CIF, con domicilio social na rúa		
nº.....	CP.....	Tlf..... fax.....
correo electrónico		

SOLICITA que o servizo de Festas lle conceda unha actuación do programa “VENTE CON NÓS” con cargo ao convenio coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, vixente para o exercicio 2014, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado na cláusula segunda do antedito convenio que deseguido se indican.

1. Lugar de actuación

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

2. Os grupos serán designadas polo servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos atendendo a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Vigo, de de 2014

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

OBRIGAS DAS ENTIDADES RECEPTORAS DE ACTUACIÓN.

As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, e incluír obrigatoriamente o logotipo do Concello de Vigo, naquel que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.

c) Formalizar a "certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.

d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.

f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións

g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DANZA E CANTO TRADICIONAL GALEGO E GRUPOS DE TEATRO. PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2013.

D/Dna.....DNI.....tlfs.....
.....correo electrónico.....
en representación da entidade
CIF, con domicilio social na rúa nº
Tlf..... faxcorreo electrónico.....

EXPÓN:

1. Que o grupo realizou unha actuación programada polo Servizo de Festas na citada entidade, o día de de 2014, enentro de programa de actuacións "VENTE CON NÓS"

2. Que o grupo presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS :.....

.....

.....

VIGO, de de 2014

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

4(409).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A VI CARREIRA FAMILIAR CEIP JAVIER SENSAT O VINDEIRO SÁBADO 10 DE MAIO DE 2014.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Itxaso Salinas Aguilera, en calidad de presidenta del ANPA del C.E.I.P. Javier Sensat a organizar o vindeiro sábado 10 de maio de 2014, a VI CARREIRA FAMILIAR CEIP JAVIER SENSAT, a proba comenará ás 11.30horas e rematará ás 13.00horas, a saída será dende a Avda. Atlántida e percorrerá ata o cruce da rúa Castaña e o cruce da rúa Castaña, rematando no colexio.

5(410).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “MOLA PILATES”. EXPTE. 10937/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 29.04.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “Mola Pilates” promovida por Dona Mónica Bravo Quintas, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

6(411).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DO INICIO DAS OBRAS DA “ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE-PEBEGÓN (ZAMÁNS). EXPTE. 2599/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 23.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de ESTRUCTURA DE PASO SOBRE REGATO VILAVERDE - PEBEGÓNS (ZAMÁNS) á empresa Construcciones Eiriña, S.L.

Con data 10 de febreiro de 2014, asíñase acta de suspensión temporal da obra por mor das inclemencias metereolóxicas que elevaron o caudal do regato, polo que é preciso esperar a que coa chegada da tempada estival o caudal baixe, fixándose a nova data de inicio no vindeiro mes de xullo.

A referida acta foi asinada pola dirección facultativa e o representante do contratista.

En data 15 de abril de 2014, o Asesor Xurídico da Área de Fomento emite informe favorable á suspensión das obras onde indica que a competencia para acordar tal suspensión, corresponde ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta os seguintes informes:

- Acta de suspensión temporal das obras de data 10 de febreiro de 2014.*
- Informe do director facultativo da obra de data 10 de abril de 2014.*
- Informe favorable do Asesor Xurídico da Área 15 de abril de 2014.*

faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar a suspensión da obra “Estructura de paso sobre o regato de Vilaverde – Pebegóns – Zamáns”, ata o mes de xullo de 2014, co cal e tendo en conta o prazo de execución de 2 meses, dase traslado ao remate da mesma ao vindeiro mes de setembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(412).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRAS “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A”. EXPTE. 2602/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A”. Expte. 2571/443.

Localidade e situación: CASCO URBANO DE VIGO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(413).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANSO. FASE 1A”. EXPTE. 2603/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2014 aprobou o PROXECTO BÁSICO DE “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A”, cun orzamento de base de licitación de 574.028,27 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC. En sesión ordinaria de data 25 de abril de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación da mencionada obra a Aqualia Infraestructuras, SA.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(414).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 374/2013, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 EN MATERIA DE RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES, SENDO DEMANDANTE D. ENRIQUE SUÁREZ ÁLVAREZ. EXPTE. 24984/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.04.14, conformado pola xea da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 24 de marzo do 2011 o Xulgado do Social nº 2 de Vigo dictou Sentenza nº 183/2011, en autos do procedemento ordinario nº 1157/2012, sendo demandante D. Enrique Suárez Alvarez e parte demandada o Concello de Vigo, en materia de recoñecemento de dereito e cantidades.

Na indicada resolución xudicial se falla literalmente:

“Que estimando la demanda interpuesta por D. Enrique Suárez Alvarez, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo a abonar como diferencias salariales por los complementos de destino y específico de su categoría profesional y la de jefe de archivo, la cantidade de 26.894,29 € y las que se sigan devengando desde el 1 de marzo de 2011”.

2.- Dita sentenza, recurrida en suplicación pola representación legal do Concello de Vigo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (recurso de suplicación 2732/2011) foi confirmada polo dito tribunal en Sentenza de data 31/10/2013, fallándose na mesma que:

“Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por la representación letrada del Concello de Vigo contra la sentencia del Juzgado de lo Social nº 2 de Vigo, de 24 de marzo de 2011, que confirmamos”.

3.- Solicitado informe de cuantificación económica dos importes e conceptos a aboar en execución de senteza, en datas 24/02/2014 e 02/04/2014 a Xefa do Negociado de Réxime Interior emite informes; no último dos que se sinala que:

“Con data 28/02/2014, pola funcionaria que suscribe realizouse informe técnico en relación co expediente 24984-220, sobre execución de sentenza nº 183/2011, nos autos: PO 1157/2012, sendo demandante D. Enrique Suárez Alvarez, en materia de recoñecemento de dereito e cantidades.

En dito informe indicábanse os cálculos das direrencias que corresponde aboar a data 28/02/2014, nos que se produxo un erro ó efectuar ditos cálculos, polo que en consecuencia procédese a emitir novo informe, así como a realización de cálculo a data 31 de marzo de 2014, resultando os seguintes:

Principal	Seg. Social Empresa	Seg. Social Traballador	IRPF	Contía a percibir o traballador
67.672,41	21.278,71	4.372,81	9.880,08	53.419,52

Asímesmo, deberán ingresarse os 300 € correspondentes a honorarios do letrado impugnante, polo que a contía a ingresar no Xulgado do Social Nº 2, conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: 3627 0000 64 037413 será a cantidade de 53.719,52 €

Pola Intervención Xeral deberán efectuarse RCs polos seguintes importes 67.972,41 € (67.672,41 € principal - 300 € de honorarios) con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 25.651,52 € con cargo a partida 922201600000.

Así mesmo a Intervención Xeral deberá ter en conta á hora de efectuar a oportuna contabilización que o IRPF a aplicar debe desglosarse polas contías correspondentes aos anos 2009 a 2013 e 2014, polo que deberán imputarse co seguinte desglose:

Anos 2009 a 2013	IRPF 15%	IRPF 7%
64.287,66	9.643,15	
Xaneiro-Marzo 2014: 3.384,75		236,93

Mantense o resto do contido do informe de data 28/02/2014.”

4.- Debido a que os aspectos indicados no informe de data 28/02/2014, aconsellaban a presentación de un incidente de execución perante o órgano xurisdiccional encargado da execución, o Servizo de Recursos Humanos solicitou da Asesoría Xurídica Municipal en oficio de data 11/03/2014 a indicada actuación, respostándose polos servizos xurídicos municipais que “para a viabilidade da proposta formulada debería acreditarse simultaneamente o pagamento efectivo

ata o límite de conformidade coa regularización da situación do demandante" (oficio de data 12/03/2014).

En consecuencia, procede propoñer a execución da resolución xudicial indicada nos termos e condicións do establecido na mesma.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. -Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III.- En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que se efectúa unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1); téndose en conta, no presente suposto, que a resolución xudicial que se executa resulta ser firme á data de hoxe, nos termos do establecido na Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

IV. -En consecuencia, procede executar a sentenza nos seus propios termos, autorizando e dispoñendo o aboamento ao reclamante dos importes contemplados na sentenza e cuantificados en informe de data 24/02/2014, así como adoptando as medidas necesarias para que situacións como a relatada na sentenza deixen de ter cabida no seo da organización municipal, debido ás distorsións que xeneran na actividade de xestión de recursos humanos e no sistema de corpos, escalas, clases e subgrupos de titulación e de reserva legal de funcións a favor de funcionarios públicos sobre os que pivota o modelo de emprego público establecido pola vixente Constitución de 1978 (artigo 103) e na lexislación básica sobre emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

V. En consecuencia, e vistas as atribucións da Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, nos termos no disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar, en execución da Sentenza nº 183/2011, do 24 de marzo, dictada polo Xulgado do Social Nº 2 de Vigo, en autos do procedemento ordinario nº 1157/2012, interposto por D. Enrique Suárez Álvarez contra o Concello de Vigo, o aboamento dos importes e conceptos seguintes:

Importe de 67.672,41 € en concepto de diferencias salariais por exercicio de funcións de categoría superior (“xefe do arquivo”) con cargo á aplicación orzamentaria 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais (exercicio 2013 prorrogado).

Importe de 300 € en concepto de honorarios, con cargo á aplicación orzamentaria 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais (exercicio 2013 prorrogado) nos termos e condicións do sinalado en informe de data 02/04/2014.

Importe de 27.278,71 euros no que atinxe á parte correspondente a Seguridade Social, que deberá aboarse con cargo á aplicación orzamentaria 922201600000.

SEGUNDO.- Ordenar que polo traballador municipal D. Enrique Suárez Álvarez, con nº de persoal 17.673, titular de unha praza de auxiliar de servizos internos, subgrupo C2 de titulación, se proceda á cesación inmediata no desempeño de calquera función distinta ás propias e inherentes ao posto de traballo de destino ao cal figura adscrito, contempladas na Guía sobre funcións dos postos de traballo regulamentariamente aprobadas coa vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e anexas á mesma, lembrando a obriga de todo o persoal destinado no Arquivo de desenvolvemento das funcións propias do posto baixo a dirección e supervisión da superioridade xerárquica da área administrativa e funcional na cal se encadra o Arquivo Municipal.

TERCEIRO.- Ordenar que polo órgano municipal competente se proceda á cobertura do posto de traballo de Técnico/a superior de Arquivos, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Especial, clase superior, polos procedementos legalmente establecidos e nos termos e coas limitacións legalmente previstos, considerando o establecido na vixente Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, aos efectos de garantir a correcta prestación do servizo público por parte de efectivos adecuados, segundo esixe o artigo 9 da Lei 7/2007, do 12 de abril, en canto ao exercicio de potestades reservadas a funcionarios/as públicos.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificándose asemade ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do negociado de Réxime Interior (Seguridade Social) do Servizo de Recursos Humanos e traballador municipal D. Enrique Suárez Álvarez aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2

meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito e dos contemplados na Lei 36/2011, do 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10 (415).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a M^a DOLORES CAPELO GONZÁLEZ. EXPTE. 25096/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 14.04.14, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 31 de marzo de 2014 (doc. nº 1400038567), D^a M^a Dolores Capelo González, con DNI nº 34.626.818-L e nº persoal 21781, administrativa, adscrita ao Tribunal Económico-Administrativo, solicita se lle conceda unha redución de xornada por coidado de fillo menor de 12 anos, coa correspondente diminución proporcional do seu salario.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Solicitado informe ao Tribunal Económico-Administrativo, polo Sr. Presidente informase favorablemente dita redución.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar de redución de xornada de), D^a M^a Dolores Capelo González, con DNI nº 34.626.818-L e nº persoal 21781, administrativa, adscrita ao Tribunal Económico-Administrativo, consistente na redución de 1 hora, con efectos a partir da súa incorporación 26/04/2014, coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público..

A presente resolución notifíquese á interesada, Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación

ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Na mesma data, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(416).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A UZAS INSTALACIONES Y REFORMAS S.L. POR OBRAS NA RÚA MÉDICO JOSÉ MATO. EXPTE. 70844/250.

Visto o informe de fiscalización do 15.04.14, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 02/07/2013 autorizouse a Uzal Instalaciones y Reformas, S.L. á realización dunha cala para arranxo de filtracións no inmovible sito na rúa Médico José Mato, nº 20-24.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 206,50 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 12/03/2014 Uzal Instalaciones y Reformas, S.L. solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data 14/04/2014 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de apertura da rúa para arranxo de filtracións xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 206,50 € (douscentos seis con cincuenta euros) a favor de Uzal Instalaciones y Reformas, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

12(417).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE VENEZUELA, 58 POR SOLICITUDE DE LIENZA DE OBRAS. EXPTE. 71036/250.

Visto o informe de fiscalización do 21.04.14, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 03/04/2014 a Comunidade de Propietarios de Venezuela, nº 58 solicita licenza para a realización dunha cala na rúa Venezuela, 58 para cambio de tubaría de abastecemento de auga.

Con data 15/04/2014 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que non procede conceder autorización á mentada Comunidade de Propietarios pois as obras consistían en facer unha modificación do trazado da acometida existente que non se pode facer por parte dun particular.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 55,00 € (cincuenta e cinco euros) a favor da Comunidade de Propietarios de Venezuela, nº 58.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

13(418).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.